

A ARTICULACIÓN E OS LÍMITES DA METÁFORA

Ernesto Laclau

I

Nun coñecido ensaio Gérard Genette discute a cuestión da interdependencia entre a metáfora e a metonimia na estruturación da narrativa de Proust. Seguindo o vangardista traballo de Stephen Ullmann, amosa como, por riba do papel central tradicionalmente garantido para a metáfora no traballo de Proust, hai outros movementos semánticos de típica natureza metonímica cuxa presenza é, non obstante, necesaria, para que a metáfora trunfe nos seus efectos retóricos. Un hypallage como “*sécheresse brune des cheveux*”- no lugar de “*sécheresse des cheveux bruns*”- sería un exemplo típico de tais desprazamentos metonímicos. Genette, sen embargo, insiste desde o comezo, en que non é unha simple cuestión de recoñecer a coexistencia da metáfora e a metonimia no texto proustiano, senón de amosar como se necesitan entre sí, como sen matizarse unha coa outra ningunha delas pode xogar o papel específico que se espera delas na constitución da economía narrativa. Nas súas verbas: “lonxe de ser antagonistas e incompatibles, metáfora e metonimia sosteñen e interpenétranse entre si, e dar o seu lugar axeitado á segunda non consiste en escoller unha lista simultanea oposta ás metáforas, senón en amosar as relacións de coexistencia dentro da relación da analoxía en si mesma: o papel da metonimia dentro da metáfora”.

Genette amosa moitos exemplos de tal interconexión. Así, refírese aos numerosos casos nos que campanario (*clocher*) é metafóricamente (analóxicamente) relacionado a oído (*épis*), ou a pescar, dependendo do ambiente da igrexa -rural no primeiro caso e marítimo no segundo. Isto significa que a relación espacial de contigüidade é a fonte de efectos metafóricos e analóxicos. Oído – campanario (ou *église meule*) no medio dos campos, pescar-campanario preto do mar, púrpura-campanario sobre os viñedos, *brioche*-campanario á hora dos doces, almofada-campanario ao comenazar a noite, é obvio que hai en Proust un recorrente, case estereotipado esquema estilístico, que poderíamos chamar cameleo – campanario (*clocher-caméleo*). Deste xeito dase unha especie de semellanza por contaxio. A metáfora atopa o seu apoio na metonimia.

Citando a Jean Ricardou, Genette enuncia o principio: “qui se ressemble s`assemble (et réciproquement)”.

Moitos máis exemplos desta esencial solidariedade entre contigüidade e analoxía son sinalados: aquela entre pratos autóctonos e *vin de pays*; entre acuarelas e o seu marco xeográfico; entre o desexo de mulleres labregas e o seu ambiente rural; entre parentes; entre imaxes que se van sucedendo en metáforas diegetic; entre paisaxes e o seu reflexo nas portas de cristal dunha estantería, etc. En todos estes casos vemos que, de non ser pola mutua implicación entre metáfora e metonimia, sería imposible asegurar a unidade dun espazo discursivo. O mesmo Proust era só parcialmente consciente da súa mutua implicación e tendía a privilexiar o seu lado metafórico. Como di Genette:

“A indestructible solidariedade de escribir, cuxa fórmula máxica Proust parecía estar a buscar (“samente a metáfora pode dar algo de eternidade ao estilo”, dirá no seu artigo sobre Flaubert) non é só resultado do vínculo horizontal establecido pola traxectoria metonímica; pero un non pode ver como tampouco podería resultar samente do vínculo vertical da relación metafórica. Únicamente o cruce dunha coa outra pode restar o obxecto da descripción, e a descripción en si mesma das “continxencias dó tempo”, é dicir, de toda continxencia; só a combinación da rede metonímica e da cadea metafórica garante a coherencia, a necesaria coherencia do texto”.

Vexamos como ten lugar este cruce. Para isto é central a estrutura da “memoria involuntaria”. Aparentemente temos, no mecanismo da reminiscencia, o caso da metáfora pura, desprovista de calquera contaminación metonímica (o gusto de Madeleine, a posición dos pés no pavimento irregular, etc). Pero o carácter puntual desta lembranza analóxica é desbordado inmediatamente. Como Genette nos amosa, so retroactivamente a análise atopa que a reminiscencia comeza a partires da analoxía que podería ser illada como “causa”. “De feito, a experiencia real comeza, non alcanzando unha identidade de sensación, senón un sentimento de pracer ou felicidade, que aparece por primeira vez sen a noción de causa”. Aínda que os exemplos en *Swann* e en *Le Temps Retrouvé* difiren no seu despliegue, o punto esencial é, en ambos os dous casos, que a cadea da reminiscencia vai, no senso metonímico, máis lonxe que a analoxía orixinal (en *Swann*, a copa leva á reminiscencia da habitación, da habitación á casa, desta á vila e daquela a toda a rexión). O esencial aquí é decatarse de que a primeira explosión (o detonador analóxico) ven sempre e necesariamente por unha especie de

reacción en cadea que procede, non por analoxía senón por continuidade, e que é nese preciso momento no cal o contaxio metonímico (ou, por usar o termo de Proust, a *irradiación*) substitúe á evocación metafórica.

Para Genette é este cruce entre metáfora e metonimia o que asegura que exista narrativa. Se só tiveramos a dimensión metafórica, *A la recherche du temps perdu* non sería unha novela senón unha sucesión de momentos líricos sen ningún encadeamento temporal. Deste xeito conclúe: “Sen metáfora Proust (aproximadamente) di, non hai verdadeiros recordos; nos engadimos por él (e por todos): sen metonimia, non hai encadeamento de recordos, non hai historia, non hai novela. Porque é a metáfora a que recupera o Tempo perdido, pero é a metonimia a que o reanima, a que o pon de novo en movemento: volve á súa verdadeira “esencia”, que é o seu escape e a súa propia búsqueda. Só aquí, a través da metáfora pero dentro da metonimia – é onde o relato (*Récit*) comeza”.

Uns comentarios máis antes de deixar a Genette. El alumeou moi ben a relación de mutua implicación entre metáfora e metonimia que crean a unidade do texto. Esa mutua implicación ten efectos totalizantes. Cita, por exemplo, a seguinte pasaxe de Proust:

“Je me jetais sur mon li; et, comme si j’avais été sur la chouchette d’un de ces bateaux que je voyais assez près de moi et que la nuit on s’étonnere de voir se déplacer lentement dans l’obscurité, comme des cygnes assombris et silencieux mais qui ne dorment pas, j’étais entouré de tous côtés des images de la mer (I, p804)

E comenta Genette: “Un destaca aquí a explícita concurrencia da relación metafórica (*comme si*) e a metonimia (*près de moi*); e a segunda metáfora é tamén metonímica, inserta ná primeira (navires = cygnes)”.

A cuestión que resta por prantexar é a que concerne ó tipo de unidade que a articulación metáfora/metonimia constitúe. Concedendo -como creo que debería ser- que dita unidade é vital para a coherencia do texto, hai moitas posibilidades de concebir a interacción entre estas dúas dimensións. Genette non suxire que esta interacción sexa concebida como o axuste de pezas dun reloxo, e os termos que emprega (*recoupement, croisée*) suxiren que ten algo moito máis complexo en mente. El non da moitas pistas no

referente á natureza do *recouplement*, en meirande parte, penso, porque o seu principal propósito é amosar a presenza de ambos os dous tropos no texto Proustiano. Discutindo a distinción que fai Jakobson entre metonimia como a dimensión prosaica do discurso e a metáfora como a dirección poética, el declara que un debería considerar a escritura Proustiana como o intento máis extremo cara un marco mixto, asumindo plenamente e activando os dous eixos da linguaxe, que sería cómico chamar poema en prosa ou prosa poética, e que constitue, absolutamente e no pleno senso de termo, o Texto. Para as cuestións que imos discutir no ensaio é crucial determinar de forma precisa a lóxica implicada na articulación dun marco mixto.

II

Genette é claramente consciente de que o seu uso das categorías metáfora e metonimia é algo idiosincrásico, pois vai máis aló do que a retórica canónica lles adscribiría. Hai en Proust, por exemplo, unha clara preferencia polas metáforas contínuas (*metaphores suivies*). “Son moi pouco frecuentes no seu traballo eses fulgurantes achegamentos suxeridos por unha soa verba, os únicos para os que a retórica clásica reserva o nome de metáfora”. En moitos casos a comparación analóxica ten lugar dun modo contínuo, ocupando varias páxinas do texto. Pero tamén, podería parecer abusivo chamar metonimia á contigüidade dos recordos que non implica unha relación de substitución. Sen embargo, como sinala Genette, “é a natureza da relación semántica a que está en xogo, e non a forma da figura... O mesmo Proust da un exemplo dese abuso ao chamar metáfora a unha figura que, no seu traballo, é máis frecuentemente unha comparación explícita e sen substitución, de tal xeito que os efectos de contaxio que temos mencionado son case equivalentes, no eixo da contigüidade, ao que as metáforas Proustianas son no eixo da analoxía -e son, en relación coa metonimia *stricto sensu*, o que as metáforas Proustianas son respecto ás metáforas clásicas... O sinal-sensación convírtese moi rápidamente en Proust nunha especie de equivalente do contexto ao cal está asociado, como a “*petite phrase*” de Vinteuil se converteu, para Swann e Odette, “*como o aire nacional do seu amor*”: é dicir, o seu emblema”.

Esta pasaxe é crucial. Fala Genette por unha banda dun emprego abusivo das categorías retóricas; e pola outra, describe un abuso como unha transgresión implicando un movemento dende a forma da figura cara á relación semántica que, se ben está implícita

nesta forma, vai claramente máis aló dos límites formais. Deste xeito surxen as seguintes cuestións:

- 1- ¿Se as relacións semánticas subxacentes entre a metáfora e a metonimia trascenden a súa forma retórica, non quedan esas relacións ancoradas en significados como tais, máis aló dos clásicos límites retóricos, ou, alternativamente, non podería a significación ser vista como unha retórica xeneralizada -por exemplo, esa “retoricidade” podería ser vista non como un abuso senón como constitutiva (no senso trascendental) dunha significación?
- 2- ¿É suficiente neste caso concebir que máis aló da forma retórica como simple “semántica” -que necesariamente a adxuntaría ao nivel do significado? ¿Non implicaría a relación significante/significado unha dialéctica que nos leva máis aló da semántica, a unha materialidade da que o significante que inscribe desplazamentos retóricos na estrutura mesma do signo? (Pensemos nas pontes verbais Freudianas).
- 3- ¿Por qué son esos desplazamentos retóricos por natureza -por exemplo, dominados pola oposición básica metáfora/metonimia?
- 4- ¿Cómo concebir esta oposición? ¿Implica esta a relación de complementariedade ou, máis ben, unha mutua limitación dos seus efectos, de tal xeito que a metonimia establece os límites da metáfora e viceversa?

Un xeito de afrontar estas cuestións sería desprazar a nosa atención cara á aproximación teórica que explícitamente intenta vincular as categorías retóricas coa dimensión estrutural da significación como tal. Refírome ao famoso ensaio de Roman Jakobson “Dous aspectos da linguaxe e dous tipos de alteracións afásicas”. O punto de partida de Jakobson é que a afasia, sendo unha alteración no uso da linguaxe, “debe comezar coa cuestión de que aspectos da linguaxe son dañados nas distintas especies deste trastorno” (p. 69). Esta pregunta non pode ser contestada “sen a participación de lingüistas profesionais familiarizados cos patróns e co funcionamento da linguaxe” (p. 69).

Como sinala Jakobson, calquera signo lingüístico presupón a súa colocación entre dúas diferentes operacións: *combinación e contextualización*, por medio delas o signo consegue a súa ubicación, dacordo coas regras sintácticas nunca sucesión ordenada con outros signos; e *selección e substitución*, nas cales o signo pode ser remplazado por

outros en calquera ubicación estrutural. Esta distinción corresponde aos dous eixos da linguaxe identificados por Saussure: o sintagmático e o paradigmático (que el chama asociativo). Combinación e substitución eran, para Saussure, os dous únicos tipos de operación que regulan as relacións entre signos. Comezando por esas dúas dimensións, Jakobson identifica dúas alteracións afásicas: a primeira, a desorde similar, está relacionada coa imposibilidade de termos substitutivos, mentres que a habilidade de combinalos permanece danada; na segunda -a contigüidade desordeada- é a habilidade de combinar palabras a afectada. Á marxe dos desordes afásicos está, segundo Jakobson, a propensión de cada usuario do idioma a depender dun ou duotro polo do idioma. “Nun coñecido test psicológico, os nenos son confrontados con algún sustantivo e díselles que pronuncien a primeira resposta verbal que lles veña á cabeza. Neste experimento saen invariablemente á luz dúas distintas predileccións lingüísticas: a resposta concebida como sustituto, ou, como complemento, ao estímulo... Ao estímulo *hut* una resposta era *burn out*; outra era *poor little house*. As dúas respostas son predicativas; pero a primeira crea un contexto puramente narrativo, mentres que na segunda hai unha dobre conexión co suxeito *hut*: por unha banda, a contigüidade (sintáctica) posicional, e pola outra a similitude semántica” (p. 90/91).

Para estes dous eixos da linguaxe -o paradigmático e o sintagmático, substitución e combinación- Jakobson móvese ao terreo retórico: metonimia correspondería a combinación e metáfora a substitución. E esta alternativa non é puramente rexional, senón que regula a conducta humana como un todo: “Manipulando estes dous tipos de conexión (similaridade e contigüidade) en ambos os seus aspectos (posicional e semántico) -seleccionando, combinando e ordenandoos- un individuo exhibe o seu estilo persoal, as súas predileccións verbais e preferencias” (p. 91). “A estrutura bipolar da linguaxe (ou outros sistemas semióticos) e, na afasia, a fixación dun deses dous polos de exclusión fronte ao outro, require estudo comparado sistemático. A retención de calquera destas alternativas nos dous tipos de afasia debe ser confrontada co predominio do mesmo polo en certos estilos, hábitos persoais, modas, etc”. (p. 93). Este argumento está, para Jakobson na base dunha interpretación cultural máis ampla. Na arte verbal temos que na poesía, a lírica privilexia o eixo metafórico, como no romanticismo e no simbolismo, mentres na arte realista, cuxo epítome é a novela, o desplazamento metonímico prevalece. Temos outra vez, en diferentes termos, o argumento que xa atopáramos en Genette: o maior traballo de Proust é a novela e non unha sucesión de

momentos líricos porque as metáforas están baseadas en conexións metonímicas. Para Jakobson esta alternativa aplícase igualmente á arte non verbal: no cubismo, a sucesión de sinécdoques é esencialmente metonímica, mentres no surrealismo as imaxes cuase-alegóricas tenden cara a metáfora. E, nunha película, a pluralidade de ángulos e de primeiros planos nunha produción de Griffith é metonímica por natureza, mentres en Charlie Chaplin e Eisenstein a substitución metafórica de imaxes estrutura a narrativa. Efectivamente, calquera sistema semiótico, para Jakobson, pode ser entendido en termos da alternativa metáfora/metonimia.

O grande mérito da análise de Jakobson é levar as categorías retóricas á súa localización específica dentro da estrutura lingüística, é dicir, ter amosado que é esta última a que está na raíz de todas as figuras retóricas. Metáfora e metonimia, nese senso, non son unhas figuras calquera entre as demais, senón dúas matrices fundamentais en torno as cais se organizan outras figuras e tropos. Deste xeito a clasificación de figuras retóricas deixa de ser unha enumeración heteroclita de formas e presenta unha clara estrutura ancorda na súa dependencia das dimensións fundamentais da linguaxe. A transición destas dimensións aos seus investimentos retóricos require, sen embargo, algunhas consideracións adicionais que resumirei nas seguintes páxinas.

- 1- Está, en primeiro lugar, a cuestión da transición do eixo da combinación -a dimensión sintagmática- cara a metonimia. Porque, aínda que o movemento tropolóxico ao longo da dimensión só pode ser concebido en termos metonímicos, non hai nada en combinación, considerada ailladamente, requirindo que tal movemento deba ter lugar. Un pode imaxinar perfectamente a combinación de termos seguindo as regras sintácticas que non implicarían ningún desplazamento metonímico. Hai un grao cero do tropolóxico no referente á combinación. Eu podo dicir perfectamente “*sécheresse des cheveux bruns*” no canto de “*sécheresse brune des cheveux*”. Se é así, o figural sería algo engadido á significación procedente de fora, non unha parte integral da significación, e estaríamos de volta na clásica visión da retórica como un adorno da linguaxe. Sendo así, se imos establecer unha conexión máis íntima entre tropos e significación, temos que atopar un xeito de minar a posibilidade da retórica neutral de grao cero.

2- Isto é visible fácilmente cando nos movemos da “combinación” ao segundo eixo: substitución/selección. Porque aquí, a diferenza co eixo da combinación, non hai grao cero: a substitución (unha vez máis, considerada ailladamente) non é remitida a ningunha regra sintáctica a priori. O mesmo Saussure dicía: “Mentres que o sintagma chama inmediatamente á idea dunha orde de sucesión e non a un determinado número de elementos, os termos dunha familia asociativa non se presentan nun número ou nunha orde determinada”. Deste xeito o eixo da substitución, que é tamén constitutivo de linguaxe, subvirte o principio da localización estrutural no que descansa a sucesión sintagmática. O diagrama de Saussure das posibilidades abertas pola substitución é moi revelador:

Unha desas posibilidades é particularmente importante para o noso argumento: a imposibilidade de limitar a substitución (e como resultado, a transgresión tropolóxica) a orde do significado. Saussure declara: “Ou hai dobre comunidade de sentido e de forma, ou comunidade só de sentido ou forma. Calquera palabra pode evocar calquera cousa susceptible de ser asociada con ela dun ou doutro xeito”. Esta é a razón pola que antes declaramos que máis aló da reforma retórica non pode ser confinada a asociacións semánticas. Unha posibilidade é que os movementos retóricos non so teñen lugar ao nivel do significado senón tamén do significante. (En Freud “*rat man*”, hai un desplazamento de “rat” a *Spielratten* (apostar) e así o pai (un xogador) é incorporado ao “rat complex”).

3- ¿Onde nos levan estas consideracións con respecto a relación metáfora/metonimia? A principal conclusión é que as nocións de analoxía e contigüidade, que son, respectivamente, os terreos definatorios de dous tropos, lonxe de ser enteiramente diferentes en natureza, tenden, pola contra, a proxectarse unha na outra. ¿Por qué se da isto? Porque ambos os dous son transgresión do mesmo principio, que é a diferenza lóxica asociada ao eixo sintagmático do sistema significante. A única distinción que é posible establecer entre as dúas figuras é que, no caso da metonimia, a transgresión de localizacións estruturais que define as relacións de combinación é plenamente visible, mentres que na metáfora, a analoxía ignora enteiramente esas diferenciacións estruturais -asociacións, como nos dí Saussure, poden moverse en diferentes direccións. Nun senso pode decirse que a metáfora é o

telos da metonimia, o momento no cal a transgresión das regras de combinación chega ao seu punto de non retorno: chega a existir unha nova entidade que nos fai esquecer as prácticas transgresivas nas que está enraizada. Pero sen esas prácticas transgresivas que son esencialmente metonímicas, a nova entidade metafórica podería non ter emerxido. Como nos amosa Genette no caso de Proust, a analoxía está sempre baseada nunha contigüidade orixinaria.

Podemos trazar aquí a conclusión que será importante para a nosa análise política: contigüidade e analoxía non son esencialmente diferentes unha da outra senón dous polos dun contínuo. Poñeremos un exemplo que xa teño discutido noutro lugar. Supoñamos que hai un vecindario onde hai violencia racista e a única forza capaz de confrontala son os sindicatos. Pensaríamos que, normalmente, loitar contra o racismo non é a tarefa natural dos sindicatos, e que se eles deciden abordala nesa comunidade é por unha continxente constelación de forzas sociais. É dicir, que unha decisión dese tipo se deriva dunha relación de contigüidade -por exemplo, esa é a natureza da metonimia. Pensemos sen embargo que ese estado de cousas continúa por un longo periodo de tempo -nese caso a xente acostumaríase a iso e tendería a pensar que é unha parte normal das prácticas dun sindicato. Deste xeito un caso de articulación continxente pasa a formar parte do significado central de termo sindicato, a contigüidade proxéctase en analoxía, e a metonimia en metáfora. Podemos dicir que isto é inherente á central operación política que chamamos hexemonía: o movemento da metonimia á metáfora, da continxente articulación á esencial pertenza. O nome, dun movemento social, dunha ideoloxía, dunha institución política é sempre a cristalización daqueles contidos con vínculos analóxicos resultantes de ocultar a contigüidade continxente das súas orixes metonímicas. En troques, a disolución da formación hexemónica implica a reactivación desa continxencia: o regreso da sublime fixación metafórica á humilde asociación metonímica.

4- Con esta conclusión, sen embargo, só temos establecido: a) que a distinción metáfora/metonimia ten unha prioridade matricial entre outros tropos -polo que é posible, dun xeito ou doutro, reducila a unha matriz; e b) que esa distinción matricial non se refire simplemente a opostos senón a extremos

dun continuo. Pero afirmar que esta retoricidade é inherente á significación require un paso máis: amosar que sen desprazamento tropolóxico a significación non pode atopar a súa propia base. Xa intentei probar este punto noutra ocasión e non vou repetilo aquí. Digamos só que esta proba require amosar a significación, a ser posible, require a súa propia clausura, e que esta clausura, porque implica a representación dun obxecto que é a o meso tempo imposible e necesario, leva a unha produción discursiva de significantes baleiros. Un significativo baleiro, como tratei de explicar, no é só un significativo sen significado -que, como tal, estaría fora da significación - senón un significativo o punto cego inherente á significación, o punto no cal a significación atopa os seus propios límites e que sen embargo, se é que ten que ser posible, ten que ser representado como a insignificante precondition do significado. En termos psicoanalíticos, sería o momento do Real -o momento da distorsión do Simbólico, que é a precondition para que o simbólico se constitúa en sí mesmo como totalidade. Agora se a representación de algo non representable é a propia condición da representación como tal, isto significa que a representación distorsionada desta condición implica unha substitución, é dicir, só pode ser tropolóxica por natureza. E non é unha substitución concebida como un reemplazo en termos positivos: implica darlle un nome a algo que é esencialmente innomeable, a un espazo baleiro. Isto é o que lle da centralidade a *catachresis*. E como calquera figura implica dicir algo máis do que pode ser dito por medio dun termo literal, *catachresis* é inherente ao figural como tal, convértese nunha marca rexistrada da “retoricidade”.

- 5- Voltemos, neste punto, á cuestión da base do contínuo metáfora/metonimia. Esta base ven dada, como temos indicado, pola oposición de calquera movemento tropolóxico á lóxica de combinación inherente no polo sintagmático de significación. A diferenza entre analoxía e contigüidade é que aínda que as dúas, por medio das súas substitucións, subvirten esa diferenza lóxica, a visibilidade do que se subvirte está moito máis presente no caso da metonimia, mentres que tende a desaparecer no caso da metáfora. Pero se esta subversión de ubicacións combinatorias é inherente á retoricidade, e a retoricidade é unha das dimensións da significación, isto significa que esta última só pode ser concebida como un proceso sen fin das

sucesivas institucións e subversións en diferentes ubicacións. Esta é a razón pola que o estruturalismo estricto sempre tendeu a enfatizar o polo sintagmático da linguaxe a costa do polo paradigmático. Pero a ambigüidade creada pola operación das dúas opostas lóxicas de combinación e substitución non pasou totalmente desapercibida, mesmo no traballo de Saussure. Como sinalou Joan Copjec: “Enfatizando a perspectiva sincrónica do lingüista e da súa comunidade, Saussure decidiu finalmente darlle prioridade ao sistema contemporáneo de significantes operando nun (hipotético) momento: o presente. Esquecendo para os seus propios propósitos a súa importante estipulación de que o significado debe ser determinado retroactivamente, é dicir, esquecendo a natureza diacrónica do significado, finalmente atopa a ciencia da lingüística na totalidade sistemática da linguaxe. Así o argumento estruturalista deixa de ser que o significante final S2 determina aquilo que ven antes, S1, e pasa a ser que S2 determina S1 e S1 determina S2; esta oposición recíproca establece significados entre termos coexistentes; e as relacións xa non se ven ameazadas pola transvaluación de todos os significantes precedentes”.

Se incorporamos, sen embargo, a perspectiva diacrónica que o mesmo Saussure enunciaba pero da cal se esqueceu, as consecuencias son claras: S2 pode ser a base do sistema só mentres non teña unha localización precisa no mesmo. O mesmo argumento pode ser presentado en termos da teoría determinada: o que nomea a teoría non pode ser parte dela. O que engadiría o xiro retórico a este argumento é que o termo que nomea o sistema sería un deses particulares elementos do conxunto que o desgarraría entre a súa identidade e a súa particularidade e o seu papel no significante de totalidade. É este dobre papel o que está na raíz do desplazamento tropolóxico.

6- A retoricidade, como a dimensión da significación, non ten límites no seu teatro de operacións. É coextensiva coa mesma estrutura da obxetividade. Isto está, en primeiro lugar, conectado con esa noción do discurso que temos empregado neste traballo, que non está ligado exclusivamente ao discurso ou á escrita, senón a calquera práctica significativa. Isto implica que é equivalente á produción social de significado, é dicir, á mesma estrutura da vida social. Non hai posibilidade dunha separación estricta entre o

significado e a acción. Tamén o máis puro conxunto de afirmacións ten unha dimensión performativa, e, en troques, non hai acción que non estea impregnada de significación. Pola mesma razón non pode darse unha cruda separación entre a significación e o efecto, xa que este último só está constituído por varios compoñentes duna cadea de significados. Como nos xogos lingüísticos de Wittgenstein, palabras e accións (ás que deberíamos engadir efectos), son parte dunha rede interdependente. Isto significa que as categorías lingüísticas como significante/significado e sintagma/paradigma - se son teorizadas correctamente- deixan de pertencer á disciplina rexional e pasan a ser operativas no terreo da ontoloxía xeral.

Pero, en segundo lugar a significación podería pechar o sistema en termos sintagmáticos -por exemplo, se as relacións de substitución puideran ser reabsorbidas por regras combinatorias- o papel da retórica podería non ser ontoloxicamente definido. O peche estruturalista da relación de mutua determinación entre S1 e S2 podería ser acadado sen ningún ardide tropolóxico, e a retórica sería relegada ao seu tradicional papel de adorno da linguaxe. Pero aquí o noso comentario respecto da imposibilidade de acadar calquera peche dun sistema de significación sen representar o irrepresentable pasa a ser relevante. Unha vez que aceptamos a centralidade da *catachresis*, a retórica pasa a ser unha condición de significación e, como resultado, de obxetividade.

En terceiro lugar, unha vez que recoñecemos o status da retórica na súa verdadeira xeneralidade ontolóxica, as relacións ás que antes nos achegábase en termos practicamente tropolóxicos, poden ser reproducidas a diferentes niveis da análise da realidade humana, mesmo cando a natureza retórica da distinción introducida non é percibida ou recoñecida. En Psicoanálise, para dar un exemplo obvio, o carácter retórico do traballo do inconsciente foi explicitamente recoñecido hai moito tempo. A condensación foi asimilada á metáfora e o desplazamento á metonimia. A lóxica do “obxecto **a**” implica precisamente un investimento polo cal un obxecto ordinario pasa a ser sustituto dunha Cosa inalcanzable. Como diría Lacan; a sublimación é elevar o obxecto á dignidade da Cosa. Nesta operación de inversión é moi importante a *catachresis*. E Copjec, nos seus estudos fílmicos, amosounos como os primeiros planos non son unha

parte dentro do todo, senón que son unha parte que funciona como condición do todo, levando a unha contaminación entre particularidade e totalidade, que como temos visto, está no corazón do movemento tropolóxico.

No resto do ensaio intentarei amosar a operación desas distincións que temos discutido no terreo da política. Argumentarei que as tensións que temos detectado ao longo do continuo metáfora/metonimia, poden ser vistas como plenamente operativas na estruturación dos espazos políticos. Discutirei dous casos. No primeiro, vemos unha case completa unilateralización da operación metafórica. No segundo, unha obstrución sistemática da transición de metonimia á metáfora -a prevención que a continuidade proxecta sobre a analogía. A primeira posibilidade ilustrárase coa lóxica da folga xeral en Sorel; o segundo, coa estratexia política do Leninismo.

III

Temos intentado darlle status teórico á operación na que nos implicamos cando intentamos ver de qué xeito as categorías retóricas están (implícitamente) presentes nas dúas lóxicas que gobernan as distincións que estruturan áreas diferentes daquelas nas que a retórica se empregaba orixinalmente. Debemos evitar dúas tentacións. A primeira é facer das categorías retóricas o lugar dunha trascendentalidade dura, é dicir, o nivel no cal todas as distincións teóricas permanentes deberían ser formuladas e no cal se reduce o seu terreo de aplicación ao nivel empírico dos estudos de caso. Pero tamén deberíamos evitar o outro extremo, consistente en ver os dous niveis como universos pechados, con relacións mútuas concebidas unicamente como puras homoloxías externas. A cuestión da comparación entre rexións e niveis pode ser concebida en termos tropolóxicos: ningún nivel ten prioridade trascendental sobre o outro, de tal xeito que a propia interacción debe ser vista como un área de desplazamentos entre as fronteiras borrosas do empírico e do trascendental. Cada un debería enriquecer a comprensión teórica do outro, nunha intertextualidade que non ten ningún punto de ancoraxe.

Se intentamos pensar nas categorías organizadoras do campo político que fan posible a comparación coa nosa análise retórica, poderíamos avanzar a seguinte tese: a política é a articulación de elementos heteroxéneos, e esta articulación é esencialmente tropolóxica, pois presupón a dualidade entre insitución e subversión das diferentes posicións que atopamos como definitorias da intervención retórica. A organización social non é, sen embargo, exclusivamente política; en grande medida consiste en posicións diferenciais que non son desafiadas por ningunha confrontación entre grupos. Únicamente por medio da confrontación xurde o momento especificamente político, pois amosa a natureza continxente das articulacións. Empregando unha distinción de Husserl, poderíamos dicir que o social é equivalente á orde sedimentada, mentres que o político implíca o momento da reactivación. As formas contemporáneas de tecnocratismo expresarían esta disolución da política e a redución da xestión da comunidade a unha mera cuestión de habilidade. É a substitución da política polo coñecemento, formulada por primeira vez por Platón.

Temos aquí a base para a comparación entre a dualidade política/administración e os dous eixos da significación -o de combinacións e o de substitucións. Canto máis estable é unha orde social, as institucións tenderán a organizarse a sí mesmas nun sistema sintagmático de posicións diferenciadas. Cando a confrontación entre grupos define a escena social a sociedade tenderá a dividirse en dous campos: no límite, chegarase a unha total dicotomización do espazo social arredor de dúas posicións sintagmáticas: nós e eles. Todos os elementos sociais terían que situar as súas identidades arredor destes dous polos, cuxos componentes internos serían unha mera relación de equivalencia. Mentres nun discurso político institucionalista hai unha multiplicación de posicións diferenciais nunha relación de combinación entre sí, nun discurso antagonista de ruptura o número de diferentes posicións sintagmáticas é restrinxido radicalmente, e todas as identidades establecen relacións paradigmáticas de substitución cos que se atopan en cada un dos polos do contínuo. No meu traballo teño chamado a estas dúas lóxicas políticas opostas, lóxica da diferenza e da equivalencia, respectivamente. Dado que a cadena de equivalencias establece unha sucesión entre os vínculos que a compoñen, ningún deles pode ter unha posición de centralidade fundada na lóxica combinatoria da súa natureza

hipotética. Deste xeito, se a unidade se vai organizar arredor dun significante privilexiado, este privilexio non se pode derivar da súa distinta posición estrutural, senón dunha inversión radical. Os símbolos de “Solidariedade” en Polonia triunfaron non pola centralidade dos estaleiros Lenin no país, senón polo feito de que expresaban sentimentos radicalmente anti-status quo, por moitas demandas frustradas que non atopaban canais institucionais de expresión no sistema político. Este proceso segundo o cal as identidades deixan de ser puramente inmanentes ao sistema e requiren a identificación cun punto trascendente do sistema -que é o mesmo que dicir: cando unha particularidade adopta o nome dunha universalidade ausente- o que chamamos hexemonía. A súa lóxica é idéntica á lóxica do “obxecto **a**”, ao que xa nos temos referido, e, por razóns que xa demos, é esencialmente *catachrestical* (retórica).

Un último punto precisa a nosa consideración. A operación hexemónica é esencialmente tropolóxica, pero require particulares movementos estratéxicos no contínuo metafórico/metonímico. Outros movementos, sen embargo, son igualmente posibles, xa que o contínuo non prescribe a priori nin a dirección da intervención que ten que ter lugar, ou as diferentes formas de articulación entre os dous polos extremos. Genette presenta a decisión de Proust que fixo posible a existencia dunha narrativa: a decisión. Pero sinala que outras decisións poderían ter sido posibles, nese caso non teríamos unha novela senón unha sucesión de momentos líricos. No mesmo senso, a emerxencia da hexemonía lóxica no pensamento político de Gramsci ten lugar fronte á bagaxe de distintos modos de concebir a tradición Marxista, que se pode describir empregando a distinción metáfora/metonimia. Diriximos agora a nosa atención cara esa historia.

IV

Temos falado do grao cero da retórica, pero logralo requeriría idealmente que a lóxica diferenciación sintagmática fora capaz de dominar o campo enteiro da significación (no senso amplo que lle damos a este termo). O prerequisite para chegar a ese grao cero sería, por suposto, a habilidade da lóxica sintagmática para controlar plenamente as substitucións paradigmáticas (unha habilidade sobre a que temos razóns para ser escépticos). Sen embargo, ata agora témonos

limitado ao grao cero na súa versión estruturalista -por exemplo, a un puro sistema sincrónico- mentres identificamos a noción de diacronía cunha fixación/transgresión retroactiva que influiría desde fora na parte interna estrutural. ¿É esta a única alternativa? ¿É necesario que un espazo sintagmático/combinatorio sexa organizado dun xeito sincrónico? Penso que non. Mentres a diacronía non sexa concebida como a continxente, intervención externa, senón estruturada como teleoloxía, a sucesión diacrónica é perfectamente compatible co grao cero do tropolóxico. A pura diferencialidade (o noso grao cero) non vai necesariamente vinculada nin á simultaneidade nin á sucesión.

Desde este punto de vista temos que comezar a nosa consideración da tradición Marxista. Pois na raíz desta tradición temos un discurso ancorado na teleoloxía de Hegel. Sabemos dos rasgos característicos desta última: as determinacións esenciais de calquera entidade atópanse na súa especificidade conceptual; as contradicións conceptuais inherentes na súa especificidade fórzannos a movernos cara unha nova entidade encarnada nun novo escenario conceptual, etc. Marx invertiu a dialéctica de Hegel: a base é a materia e non a idea, pero a materia ten leis internas do movemento que podemos especificar conceptualmente, o materialismo de Marx é tan idealsita como o de Hegel. Ontoloxicamente falando non son, de feito, diferentes un do outro.

O importante para o noso tema é que na visión da Historia que emerxe desta diacronía, as diferentes etapas que se suceden non son concebidas como interrupcións da precedente senón como realizacións teleolóxicas. Falamos dunha combinación pura na que cada actor e tarefa teñen un lugar asignado na escatoloxía secular baseado nas necesarias leis da Historia. Non sorprende que a principal consecuencia política desta aproximación privilexie a “estratexia” sobre a “táctica”. Os cálculos a longo prazo eran posibles porque o teleoloxismo das premisas deixaba aberto o camiño ás predicións históricas, aínda que só foran “predicións morfolóxicas”, por empregar as verbas de Antonio Labriola. E calquera incumprimento destas previsións podería ser descartado como unha aberración temporal que sería superada unha vez que as leis necesarias reafirmaran a súa validez a longo prazo.

As versións máis extremas do teleoloxismo pódense atopar, por suposto, na ortodoxia da Segunda Internacional, pero abonda con leer o “Prefacio” á *Critica da Economía Política* para decatarse de que, aínda que de forma non tan crúa, impregna a totalidade da tradición Marxista. Esta é a razón pola que podemos falar do grao cero da retórica: nesta sucesión sintagmática non hai sitio nin para desplazamentos metonímicos nin para reagregacións metafóricas. Un podería, sen embargo, preguntarse: ¿non é precisamente ao longo das sucesións combinatorias de diferentes posicións como opera a metonimia? A resposta é si, pero a metonimia, como sabemos, implica a subversión do principio de diferencialidade por medio de substitucións baseadas na contigüidade, e son precisamente esas substitucións as que o literalismo sintagmático tende a bloquear.

Unha interpretación literal do marxismo requería a redución do proceso de desenvolvemento histórico a un mecanismo que tiña que ser conceptualmente aprehensible no tocante as leis do movemento. Pero a aprehensibilidade conceptual tamén esixe que calquera cousa que escape desas específicas leis sexa considerado como historicamente irrelevante. “Os cambios nos fundamentos económicos levan máis cedo ou máis tarde á transformación de toda a superestrutura. Ao estudar esta transformación é sempre necesario distinguir entre a transformación material das condicións económicas de produción, que poden ser distinguidas pola precisión das ciencias naturais, e as formas legais, políticas, relixiosas, artísticas e filosóficas -en resumo, formas ideolóxicas nas que o home se fai consciente deste conflito e pelexa. Do mesmo xeito que un individuo non é xuzgado polo que pensa de si mesmo, un non pode xuzgar un período de transformación pola súa consciencia, senón, pola contra, esta consciencia debe ser explicada polas contradicións da vida material, polo conflito que existe entre forzas de produción e relacións de produción”.

Agora, é precisamente esta marcada distinción entre o que é relevante e o que non a que se esvaece durante a primeira crise do Marxismo de finais do século XIX. O capitalismo recuperouse despois dun longo período de depresión, e a transición á fase monopolística e imperialista comezou. Nesta situación a fe

socialista no colapso do sistema como resultado das súas contradicións internas debilitouse. O desenvolvemento histórico revelou ser máis complexo do que se tiña asumido, e esta complexidade tomou a forma de contaminación entre distintos niveis sociais, que dacordo coa teoría clásica terían que ter permanecido separados. (O capitalismo organizado deixou de ser explicado únicamente polas leis do mercado e un elemento de regulación consciente interviu no nivel infraestructural; o imperialismo levaba á emerxencia dunha aristocracia obreira e consecuentemente á atenuación dos conflitos sociais, etc.)

A consecuencia para a nosa análise é que o terreo no cal era accesible o grao cero do tropolóxico foi destrzado e os movementos retóricos fixéronse moi importantes tanto na dirección metonímica como na metafórica.

Este xiro tropolóxico, sen embargo, tomou unha variedade de formas e direccións. Como xa anticipamos, o primeiro exemplo ao que nos imos referir é ao traballo tardío de George Sorel. Como outros pensadores socialistas do seu tempo, Sorel, mentres escribía *Reflexións sobre a violencia*, perdera a fé na perspectiva do colapso do capitalismo como resultado de leis puramente económicas. E para manter viva a vocación revolucionaria da clase traballadora, sería necesario apelar a algo distinto do determinismo económico. Algún tipo de principio subxetivo tiña que situarse no escenario. É importante decatarse de que, para Sorel, o seu apoio á loita proletaria non se baseaba na xustiza das demandas dos traballadores senón na súa crenza de que o proletariado era a única forza na sociedade capaz de prever a decadencia burguesa. Pois as perspectivas das sociedades contemporáneas apuntaban ao declive da súa civilización. O principio capaz de manter a pureza da identidade proletaria era a violencia. Para este propósito, era esencial que a clase traballadora non intervira en política, pois iso podería cooptala nos mecanismos do Estado burgués. El contraponía violencia proletaria e violencia política -esta última epitomizada polo Xacobinismo.

A violencia proletaria tiña que ser organizada arredor do *mito*. Os homes que participan en grandes movementos sociais representan para si mesmos a súa acción inmediata baixo a forma de imaxes de batallas que aseguran o trunfo da súa causa. Propoño chamar *mitos* a estas construcións cuxo coñecemento é tan

importante para o historiador: a folga xeneral sindicalista e a Revolución catastrófica de Marx son mitos. El contrapón mito e utopía. Mentres a última é unha construción puramente intelectual, un anteprojecto dunha sociedade futura ou ideal, o mito é so un conxunto de imaxes capaz de galvanizar a imaginación das masas e de proxectalas cara a acción histórica.

O mito arredor do cal se debería organizar a identidade proletaria é o da *folga xeral*. “Entendo que este mito da folga xeral horrorize a moita xente sensata polo seu carácter de infinitude; o mundo actual está moito máis inclinado a volver á opinión dos vellos e a subordinar a moral á boa xestión dos asuntos públicos, o que leva a localizar a virtude xusto no medio. Mentres que o socialismo siga a ser unha doutrina presentada enteiramente en palabras, é fácil facela desviarse cara o centro; pero esta transformación é claramente imposible unha vez que se introduce o mito da folga xeral, que implica a revolución absoluta”. E de novo: “Hoxe os mitos revolucionarios son case puros, fan posible comprender as actividades, sentimentos e ideas das masas populares preparándose para entrar na loita definitiva, non son descrições de cousas senón expresións de vontades”. Nun mito a infinitude da tarefa está relacionada coa penuria dos seus contidos. A súa función é, precisamente, separar ao militante do propósito concreto da súa acción particular. Supoñamos que un grupo de traballadores participa nunha folga para conseguir maiores salarios. Se a folga ten éxito, e o seu único propósito é esa demanda particular, o éxito leva á desmobilización e á integración dos traballadores no statu quo. Sen embargo, se a participación nesa acción concreta é vista como un simple episodio, que educa ao proletariado para o propósito final, o significado da loita particular cambia completamente. Pero, por isto, o mito da folga xeral ten que operar desde o comezo. Isto explica a infinitude da tarefa á que se refire Sorel: non pode ser identificada cunha causa particular. Isto explica tamén a pobreza dos seus contidos que é de feito máis que pobreza, pois, no nome dunha tarefa infinita, nega a mera posibilidade de calquera contido (que necesariamente tería que ser finito). O mito Soreliano é un dos exemplos máis puros do que temos chamado “significantes baleiros”. Non importa se a folga xeral podería pasar ou non. Aínda que Sorel non é enteiramente explícito ao respecto, creo que a lóxica do seu argumento lévanos a

unha resposta negativa, pois calquera realización finita comprometería a infinitude da tarefa. O seu status aproxímase á idea regulativa de Kant.

¿Cómo ler este conxunto de desplazamentos que Sorel presenta contra a secuencia de categorías do Marxismo clásico? ¿Onde e cando exactamente ten lugar o xiro tropolóxico? Para comezar, en Sorel non hai ningunha pluralidade sintagmática de lugares de enunciación porque todos coinciden en reforzar a identidade proletaria. Xa sexa tratándose dunha folga, ou da ocupación dunha fábrica son simplemente ocasións para ensaiar un único evento futuro: a folga xeral. Estas ocasións son certamente plurais, pero a súa pluralidade está presente únicamente para eclipsarse como soporte do evento que fala por todos. É dicir, afrontamos unha pura reagregación metafórica que non se ve interrompida por ningunha pluralidade metonímica. Non hai nada que desplazar, porque os emplazamentos dos eventos metafóricos están aí únicamente para seren negados polo último. Por dicilo en termos claros: a ruptura revolucionaria non procede por medio da equivalencia senón da identidade máis absoluta. En certo xeito Sorel é o contrario simétrico da retórica de grao cero da Segunda Internacional. Para esta, ningún movemento tropolóxico xogaba papel algún na determinación do suxeito emancipatorio. Para Sorel, esta determinación só podía proceder por medio dunha forma de movemento tropolóxico, a metáfora pura que ten eliminado todos os rastros da súa base metonímica. A analoxía revela unha esencia que rompeu os seu vínculos coa continuidade. A equivalencia é reemplazada pola identidade pura. (Esta identidade, sen embargo, é construída arredor dun lugar baleiro -a folga xeral- cuxos efectos discursivos dependen da súa falta de contido, a súa afirmación atópase preto do nihilismo. De xeito nada sorprendente o Sorelianismo alimentou diferentes correntes de pensamento, do comunismo radical ao ultraesquerdismo e ao fascismo). Podemos retroceder aquí á análise que Genette fai de Proust. Dacordo con él, como temos visto, hai unha narrativa en Proust só porque as metáforas se inscriben no movemento metonímico; doutra forma só teríamos unha sucesión de momentos líricos. Ben, esta última posibilidade é a que promulga o texto de Sorel. Cada acto revolucionario non atopa o seu significado nunha sucesión que o dota da súa *raison d'être* dentro das series, senón que cada un deles é a expresión dun tipo de repetición que o remite constantemente, igual que a Sísifo, a unha única

identidade. Este é o por qué a noción de Genette da sucesión de momentos líricos como unha alternativa á narrativa de Proust -flashes metafóricos non escritos nunha sucesión metonímica- se aplica tan ben á visión Soreliana da política. E tamén, por qué non pode haber unha estratexia Soreliana baseada nun cálculo a longo prazo. Mentres para Kautsky ou Plejanov ese tipo de cálculos estaban baseados nas supostas leis da historia, para Sorel a mera idea dunha predición a longo prazo non ten sentido. A afirmación da subxectividade revolucionaria escapa das consideracións estratéxicas.

V

Se o discurso de Sorel está estruturado nun terreo no que a subxetividade política só pode operar por medio da metáfora total que oculta os vestixios da súa base metonímica, a experiencia do Leninismo é diferente: a subversión metonímica do espazo diferencial da teleoloxía Marxista ten que permanecer visible, ata o punto de facer imposible o movemento cara o *telos* metafórico. O Leninismo xurde como resposta política a unha anomalía no desenvolvemento histórico. Supoñíase que Rusia seguiría o patrón dunha clásica revolución burguesa-democrática dos países occidentais. A tarefa pendente era derrocar o Zarismo e dar paso a un longo periodo de democracia capitalista, só se esperaba o socialismo a longo prazo, que chegaría como resultado das contradicións dunha sociedade capitalista desenvolvida. Nesa revolución democrática dábase por suposto que a burguesía sería a forza que lideraría. Tarefas e forzas eran asignadas dacordo cunha sucesión preordenada. A anomalía era que a Burguesía Rusa autóctona chegara demasiado tarde ao escenario histórico, cando o capitalismo mundial xa estaba ben establecido, e era demasiado débil para levar a cabo a súa revolución democrática. O capitalismo, sen embargo, desenvolvese rapidamente en Rusia como resultado dos investimentos estranxeiros, dábase unha situación paradóxica -“anómala” dacordo co patrón canónico- dun país que estaba maduro para unha revolución democrática e no que, sen embargo, o axente natural desa transformación histórica era incapaz de levala a cabo.

Pero como resultado do desenvolvemento capitalista, nacía unha robusta clase traballadora, que non tiña ningunha das limitacións da burguesía autóctona, e que -esta era a tese dos socialdemócratas rusos- tiña que asumir a tarefa histórica de liderar unha revolución democrática (en alianza cos campesiños, segundo a visión Leninista) que fora abandonada polo seu axente natural. Esta asunción dunha tarefa por unha forza que non era o seu axente natural era o que os socialdemócratas rusos chamaban hexemonía. Deste xeito temos unha fractura no desenvolvemento histórico, a discontinuidade na secuencia das categorías. A asunción da tarefa democrática pola clase traballadora era algo explicable por unha serie de circunstancias históricas, pero non insertable nos vínculos do paradigma canónico. Era unha excepcionalidade, para empregar a terminoloxía dese tempo.

Se estudiamos a estrutura desta excepcionalidade, vemos inmediatamente que era a presenza da clase traballadora no centro dos eventos históricos nun momento no que o país estaba maduro para unha revolución democrática o que lle asignou ese rol. Era unha relación de contigüidade. Atopámonos coa construción dun novo vínculo entre tarefa e axente que só pode ser concebido como un desprazamento metonímico.

Sabemos, sen embargo, que calquera metonimia ten unha tendencia natural a proxectarse cara á metáfora, a relación de contigüidade pasa a ser, por medio da asociación continua, unha de analoxía. Normalmente poderíamos esperar que a natureza da tarefa democrática cambiara ao ser asumida polo proletariado, e que a natureza de clase deste último sería alterada pola asunción da tarefa democrática. Pero nada desto sucedeu. Toda a estratexia Leninista fora deseñada para prever que esta tarefa excepcional se transformara no lugar de construción dunha nova subxetividade política. A natureza de clase do proletariado non debía modificarse. O lema Leninista era: “golpear xuntos e marchar separados”. ¿Por qué? Hai varias razóns pero a principal é que para os revolucionarios rusos - incluídos os Bolcheviques- o excepcionalismo ruso era exactamente iso: unha excepción, e ademáis, unha que ía durar pouco tempo. Nin Trotsky, nin Lenin - mesmo despois das Teses de Abril- pensaban que o poder proletario en Rusia,

dado o seu retraso, puidera consolidarse agás que atopara unha continuidade natural nunha revolución en Alemaña ou nos principais países occidentais. Se ese tivera sido o caso, a excepcionalidade rusa houberase integrado no proceso normal do desenvolvemento histórico.

Se consideramos o asunto en retrospectiva atopamos a raíz do dobre discurso no que se inscribirá a experiencia Comunista nos anos seguintes. A secuencia canónica de categorías ten que ser mantida como un último e insuperable horizonte -o sintagma Marxista nunca foi formalmente cuestionado- pero, homológamente, a política real pasaría a ser dominada cada vez máis por excepcións empíricas que eludían calquera teorización. A *Realpolitik* de Stalin era a expresión extrema do divorcio entre teoría e práctica, pero en formas máis atenuadas ía dominar toda a experiencia Comunista. O xeito no que ambos os dous niveis eran combinados pode apreciarse moi ben no caso de Trotsky. A enteira lóxica da “revolución permanente” só é concebible se o empirismo das excepcións é articulado no desenvolvemento do discurso sintagmático normal. O argumento é o seguinte: Rusia estaba madura para unha revolución democrático-burguesa na cal a burguesía -Trotsky aceptaba esto- era incapaz de xogar o papel protagonista. Isto tería como resultado unha revolución democrática liderada polo proletariado. Pero -engadía Trotsky- a burguesía non toleraría o poder proletario, mesmo se estaba marcado por límites democráticos, e respondería cun peche patronal. O resultado sería que o movemento obreiro, para consolidar o seu poder, tería que avanzar nunha dirección socialista. As revolucións sempre comezan con bandeiras democráticas, pero a súa estabilización e consolidación require a transición ao escenario socialista. Este modelo sería repetido *ad nauseam* polos Trotskistas en todos os contextos históricos imaxinables. O clásico escenario, aínda que interrompido por algunha excepción, é plenamente operativo: a natureza de clase dos axentes sociais é incuestionada como a das tarefas que están na sucesión de fases.

O momento metonímico debe ser conxelado, previndo a construción de novas identidades por medio de reagregacións metafóricas. Aquí vemos a diferenza con Sorel. Para él non hai narrativa, únicamente a secuencia de momentos metafóricos por medio dos que se reforza a identidade proletaria. Para o

Leninismo, a interacción entre os dous niveis discursivos, fôrza a unha narrativa permanente, e así o momento metonímico non é abandonado. Por esa razón o Leninismo é un tipo de discurso eminentemente estratéxico, cunha diferenza evidente coa estratexia da Segunda Internacional: para esta última, a reflexión estratéxica está baseada nunha predición histórica ancorada nas leis da historia; mentres que no Leninismo, tendo en conta as excepcións, a estratexia ten máis carácter de análise conxuntural.

Esta noción de análise conxuntural obríganos, sen embargo, a movernos máis aló das metonimias conxeladas do Leninismo e, por suposto, máis aló do horizonte histórico do Marxismo. Pois a cuestión é: ¿Cómo de excepcións son as excepcións? Dacordo con Lenin, o mercado capitalista mundial non é somente unha realidade económica senón política: está estruturada nunha cadea imperialista. As crises poden ter lugar nun punto no que resulten -dado que a cadea rompe na parte máis feble- en dislocacións das relacións de forzas noutros puntos da cadea. Isto fai posible a toma do poder, mesmo se as condicións materiais obxectivas non se dan. Nesas situacións xa non hai ningunha cuestión referente á combinación pura de escenarios -como sostíña a teoría do desenvolvemento combinado e irregular- nin da necesariedade da pertenza de clase dos axentes sociais, pois o que está en xogo é a constitución de complexas identidades sociais construídas na base de prácticas que homoxeneizan o heteroxéneo. É dicir, falamos de reagregacións metafóricas. As conxeladas metonimias de Lenin xa non son válidas. Penso que a noción Gramsciana de vontade colectiva debería entenderse neste contexto. Pero esta incorporación da dimensión metafórica tampouco nos leva de volta ao terreo de Sorel. Para Sorel isto é a unilateralización da metáfora porque a identidade proletaria que él intenta consolidar dase por adiantado. Él non quere incorporar elementos heteroxéneos nunha identidade social máis ampla. Eso levaría, baixo o seu punto de vista, a minar a conciencia de clase do proletariado. Sen embargo, unha vez que o proceso político non é visto como a reafirmación dunha identidade senón como unha construción -como no concepto Gramsciano de guerra de posición- a dimensión metonímica non pode ser ignorada. A hexemonía significa o paso da metonimia á metáfora, dende un punto de partida contiguo a unha consolidación da analoxía. Pero con isto estamos moi preto da relación

metáfora/metonimia que Genette atopa no texto de Proust. Trasladado á linguaxe política, poderíamos dicir que porque hai Narrativa (*Récit*) hai estratexia. Pero como a identidade dos axentes desa estratexia no nos é dada de antemán, sempre teremos movementos estratéxicos a curto prazo, desvinculados de calquera escatoloxía. Estes operaran exactamente no punto no que a metáfora e a metonimia se cruzan entre sí e limitan os seus efectos mútuos.

CITAS

- 1- “Métonymie chez Proust” in Gérard Genette, *Figures III*, Paris, Editions du Sutil, 1972, p 41-63.
- 2- Stephen Ullmann, *Style in the French Novel*, Cambridge, 1957.
- 3- Genette, op cit, p 42.
- 4- Op cit, p 45.
- 5- Op cit, p 60.
- 6- Op cit, p 56.
- 7- Op cit, p 56.
- 8- Op cit, p 63.
- 9- Op cit, p 51, note 5.
- 10- Op cit, p 61.
- 11- Op cit, p 55.
- 12- Op cit, p 58.
- 13- R Jakobson, “Two aspects of language and two types of aphasic disturbances”, in Halle and Jakobson, *Fundamentals of Language*, The Hague, 1958. Pages of the quotations are indicated in the text.
- 14- F de Saussure, *Cours de linguistique générale*, Paris, Payot, 1980, p 174.
- 15- Op cit, p 174.
- 16- E Laclau, “The Politics of Rhetoric”, in *Material Events: Paul de Man and the Afterlife of Theory*, edited by Tom Cohen, J Hillis Miller, Andrzej Warminski and Barbara Cohen, Minnesota University Press 2001, pp 229-253.

17- See *Emancipation(s)*, London, Verso, 1996 (essay on “Why do Empty Signifiers Matter to Politics?”) and *On Populist Reason*, London, Verso, 2005, chapter 4.

18- Joan Copjec, “Sex and Euthanasia of Reason” in *Read my Desire*, Cambridge (Mass), MIT Press, 1995, pp 205-206.

19- K Marx, *A Contribution to the Critique of Political Economy*, London, 1971, p 24.

20- Georges Sorel, *Reflexions sur la violence*, Paris, Seuil, 1990, p 21.

21- Op cit, p 25.

22- Op cit, p 29/30.

ERNESTO LACLAU

Ernesto Laclau é Professor de Política na Universidade de Essex, UK, e Professor Distinguido de Humanidades e Estudos Retóricos na Northwestern University, USA. Autor de *Politics and Ideology in Marxist Theory*, London, Verso, 1977; *New Reflections on the Revolution of our Time*, London, Verso, 1990; *Emancipation(s)*, London Verso, 1996; and *On Populist Reason*, London, Verso, 2005. Coautor (con Chantal Mouffe) de *Hegemony and Socialist Strategy*, London, Verso, 1985; e (con Judith Butler e Slavoj Zizek) de *Contingency, Hegemony and Universality. New dialogues on theLeft*, London, Verso, 2000. Editor de *The Making of Political Identities*, London, Verso, 1994.